

Un acoutamento medieval na comarca compostelá

JORGE GUITIÁN CASTROMIL*
XOÁN GUITIÁN RIVERA**

Sumario

Este artigo presenta tres novos marcos inéditos do S.XII localizados en Padrón (A Coruña). A través das súas inscricións, así como da documentación medieval de arquivo, os autores estudian a área demarcada por estes marcos e o seu contexto histórico.

Abstract

This paper presents three new XII century boundary stones located in Padrón (A Coruña, NW Spain). Analyzing their inscriptions as well as some medieval archive files, the authors study the area demarcated by these stones and its historical context.

INTRODUCCIÓN:

O presente traballo refírese a diversos achados protagonizados por nós nos meses finais do ano 2001 e primeiros de 2002. Trátase de tres marcos con inscricións medievais localizados preto das aldeas de Pedroso do Norte, Queiruga e Pazos, no concello de Padrón. (Fig.1)

Este traballo pretende ser unha nota de urxencia que recolla algúns datos básicos de localización, características e documentación e os poña a disposición da comunidade científica. Preténdese tamén chama-la atención das autoridades para que adopten as necesarias medidas de protección a fin de garantir a conservación destes interesante elementos patrimoniais.

O primeiro achado produciuse de forma casual no verán de 2001 e consistiu na localización dun fermoso marco de pedra con inscricións nas súas tres caras.

MARCO I

Localización e acceso:

O primeiro dos marcos está situado á beira do camiño –hoxe practicamente abandonado– que vai desde o val no que se atopan as aldeas de Pedroso do Norte e Pedroso do Vendaval, na parroquia de Santa María de Cruces, concello de Padrón, cara á parroquia de Lampai, no concello de Teo. Os datos concretos de localización son os seguintes:

Coordenadas: 42° 46' 43" N
08° 37' 26" O

Altitude: 205 m.

* Jorge Guitián Castromil (Vigo, 1975) é licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago. Na actualidade prepara o seu doutoramento sobre o estudo dos gravados rupestres galegos e os seus aspectos artísticos.

** Xoán Guitián Rivera (Santiago, 1954) é licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago para a que traballa como funcionario.

O acceso pode realizarse desde o lugar de Porta dos Mariños-Pazos, no punto quilométrico 79'300 da estrada N-550. Alí tomamos a estrada que conduce a Lampai e Luou, no concello de Teo, pola que ascendemos uns 3.200 metros ata atopar un camiño que, desde a beira esquerda da estrada, baixa ó regato próximo. Na confluencia de camiño e regato atopamos a pedra gravada.




Fig.1: Mapa aproximado de localización dos achados

Descrición:

Os textos aparecen gravados sobre as caras dunha pedra granítica de forma troncopiramidal e base triangular que aparece chantada verticalmente á beira do camiño. A pedra está parcialmente cuberta de musgo o que dificulta a lectura dos textos. (Fig.2)

As caras, desiguais e de forma trapezoidal, teñen as seguintes medidas aproximadas:

	Base menor	Base maior	Altura
Cara sur	60 cm.	77 cm.	120 cm.
Cara norte	50 cm.	66 cm.	120 cm.
Cara oeste	36 cm.	60 cm.	120 cm.

Os gravados ocupan a metade superior de cada unha das caras sendo a cara orientada ó sur¹ a que contén un maior número de signos e caracteres. Os textos organízanse en rexistros paralelos de aproximadamente 20 centímetros de ancho, separados en dúas das caras por trazos horizontais. Os caracteres que aparecen no texto teñen –agás as abreviaturas– unhas medidas comprendidas entre 13 e 20 centímetros, atopándose en bo estado de conservación os existentes na cara sur e máis erosionados os das outras dúas caras.

Desde o primeiro intre tivemos a seguridade de que non estabamos ante unha inscrición de carácter popular. Polo tipo de letra, pola pureza do trazo e polos signos de puntuación e abreviaturas utilizadas, era, sen dúbida, un texto pertencente ó rexistro culto medieval.

A primeira dúbida á hora do enfrontarnos ó texto gravado consistiu en determinar cal sería a cara que debiamos ler en primeiro lugar. A cuestión resolveuse doadamente tendo en conta que a inscrición da cara sur aparece precedida por un signo cruciforme ou crismón, un elemento que adoita situarse antes do inicio de texto en numerosas inscricións medievais (Favreau, 1997). A partir desta cara que chamaremos “cara A” asignámoslle as letras “B” e “C” ás outras dúas caras por orde normal de lectura de esquerda a dereita.

¹ As orientacións que citamos no texto son aproximadas.

Tal como indica LÓPEZ FERREIRO na súa obra “Lecciones de Arqueología Sagrada” (López Ferreiro, 1889: 340), no século XII usáronse moitas siglas, nexos e abreviaturas. Segundo o autor, nos textos correspondentes a este século as siglas e abreviaturas distínguense por unha liña horizontal que as cubre e as palabras están sempre separadas por tres puntos dispostos verticalmente. A presenza na inscrición destas características citadas polo cóengo compostelán permitiunos establecer unha primeira datación aproximada.

Procedimos de seguido á lectura do texto gravado comezando a partir do crismón.

Cara A: Campo epigráfico enmarcado por trazo perimetral e dividido en tres rexistros separados por trazos horizontais. Presenta numerosas abreviaturas e signos de puntuación entre palabras. O texto aparece precedido por un crismón, unha cruz latina de brazos rematados en T e pé recruzado a media altura por trazo horizontal.



Fig.2: Marco I. Fotografía da cara A

Aparece logo a inscrición ERA seguida dunha expresión numeral. Podemos ler a primeira liña como “*ERA millesima centesima...*”, o que nos sitúa xa no século XII. O primeiro dos caracteres da segunda liña é unha letra L que representaría o valor “50”.

A lectura do seguinte signo debe realizarse tendo en conta que non se trata dun “X” normal senón dun “X” aspado, un signo especial formado por un X ó que se engade un pequeno trazo curvo ou vírgula no seu extremo superior dereito e utilizado para expresar o valor 40.


Temos documentados varios casos semellantes ó que nos ocupa. Un deles atopámolo nas notas da viaxe que o P. SARMIENTO realizou por Galicia no ano 1745. En relación cunha inscrición existente preto de Pontevedra, Martín Sarmiento expresa as súas dúbidas indicando que un signo “*está confuso a 10 ou a significar 40*”. Poucas liñas máis adiante fai a lectura da data “*confusa a 1111 ou a 1141. Inclínome a esto de 1141*” (Sarmiento, 2001: 188-189).

Tamén LÓPEZ FERREIRO no tomo IV da súa historia da Catedral de Compostela sinala a existencia dese signo especial que representaría a cantidade 40. O sabio cóengo compostelán indica: “*De lo cual se deduce que así como la X con rasguillo vale XL, la V con el mismo debe valer XX*” (López Ferreiro, 1902: 65). É dicir: o “rasguillo” viría a multiplicar por catro o valor habitual do signo ó que acompaña.

Per nomine sancte individue quiritatis q̄ fidelibus i una ditate colit̄ r̄ ad op̄
 Quoniam fere totū cōgrati maxime udonacionibus que ex mea liberab
 tate Principū Regū r̄ Patris imperator̄ p̄cedit̄ bona fides exigitur.
 quoniam etiam idoneū est r̄ rationi cōgruū ut ea q̄ a Regibz sine ab impatoribz donat̄ instru
 mas anteaq̄ fuerint ac roboretur: nec res ip̄a gesta uestre tempor̄ obliuioni tradatur.
 Ea p̄p̄t̄ Ego Aldefonsus p̄uis. felix. iudicus gr̄phator̄ hac ac semp̄ inuicis totius hispanie
 diuina clemencia famul̄oissimis impator̄. una aū uore n̄ra Impatrice domina Richa r̄a
 filijs n̄ris sancho r̄ fernando regibz. simul ead̄ aū filiabus n̄ris salicet Constanca Inclita
 francor̄ Regina Et cum sancta nobili nauarre Regina. facio tibi Sancto ioh̄ni. r̄ uxor̄ tue
 maior̄ gulielm̄q̄. r̄ filijs r̄ filiabus ip̄s. nec nō successori. r̄ uoq̄ tue. mea spontanea uolū
 tate cautiū firmissimū de uilla de Pedroso. aū casale noīe sonado r̄ aī alijs casalibz et
 om̄ibz quādam ad ip̄am p̄tinentibz. p̄ p̄diti de lampari. r̄ lumbas p̄ q̄s t̄uidit̄ de
 juga rad pelacis r̄ p̄ craxemos t̄minos de Pastunca uers̄a m̄uadā r̄ p̄ alios suos t̄m̄s ma
 q̄s q̄q̄ uilla Remoues t̄m̄tū Regū ferū. Et om̄e forum uidelet̄ gūta aū placito Ar
 diepi ecclie b̄ti Jacobi domini oyarun r̄ assensu eiusd̄ ecclie canonicoꝝ. Et de fami

meū firmū r̄ inconfusum sigillis infringe t̄p̄rauit̄ sic i p̄nims excomunicato r̄ aū d̄ra r̄ ab
 quos t̄p̄a uinos obsoibunt. adempnatis. p̄soluat̄ ead̄ tibi ul' uocē n̄ra pulsāna. ser mille soli
 tes existente cautiū semp̄ in solore suo. Est autē facta Carta ista in aenza. Quarto nonas
 kalendar̄ nouembriū. Era. j. c. ij. m. Impante eorū ad Alfonso glorioso Pio. felix. hoc sig
 nūto Gallie Legion̄ Castelle. nage r̄ sanguiste. Toledo Almarie. Baetic̄ ariduger bar
 lali impatoris comes Barbilolen̄ rex murie. rex sp̄aue st. Et alij multa uassali eorū
 Potentissim̄ quoz nōia nō scribuntur hic. Ego Aldefonsus hispanie impator̄ una aū filijs
 r̄ filiabus n̄ris hanc cartā quā fieri iussi p̄a manu n̄ra soluo atq̄ confirmo.
 Rex Sanctus r̄ Comes oyarun̄ tenēs Baetic̄. r̄ Comes oyarun̄ tenēs Baetic̄
 ac r̄ Comes lupo r̄ Comes uella confirmat̄. Celebruna legūans ep̄s r̄ Joh̄ns legu
 nensis ep̄s r̄ Gundisaluis demarano tenēs alfaraca impatoris r̄ Gocer petri r̄
 Gocer fernandis r̄ Donaus de minerba r̄ fernandis capanius r̄. Guncaluis r̄ d̄n̄s
 r̄ Gomet gūcaluis r̄ Joh̄ns tollerana archiep̄s r̄. uicicus segobien̄ ep̄s r̄ oru
 nis iunen̄ ep̄s r̄ Petrus asturien̄ ep̄s r̄ Joh̄ns lucen̄ ep̄s r̄.

The diagrams show the word 'REGIS' written in different styles. The first is a simple blocky font. The second is a more decorative, cursive style with flourishes. The third is a highly ornate, gothic style with intricate flourishes and a decorative border.



Figs. 3, 4 (páx. anterior) e 5: Reproducción fotográfica do Folio 222 do Tumbo B

Para completar a data virían logo catro signos de unidade (IIII) dispostos por parellas superpostas para aforrar espacio e adaptarse ó marco.

O resultado da lectura da data sería “*Era millesima centesima nonagesima quarta*”, é dicir, “ERA 1194”. Habería aínda que face-la corrección para pasar de “era” a “ano” restando 38, o que daría como resultado o ano 1156.

Feita a lectura da data proseguimos coa lectura do texto contido nesta mesma cara para pasar logo á lectura completa da cara B e rematar na C. O texto íntegro da inscrición podería transcribirse así:

“*Era MCXCIV et quotum I kalendas septembris cum auctoritatem imperatoris et omnibus intervinientibus patronim statuit*”

É dicir:

“Ano 1156 no primeiro día das calendas de setembro coa autoridade do Emperador e de tódolos asistentes poño este *pedrón*”

A DOCUMENTACIÓN MEDIEVAL

O texto gravado na pedra fálanos con claridade da decisión do “emperador” de chantar no lugar con toda solemnidade un marco para sinalar algo que non se especifica. A propia data e a utilización do termo “imperator” permítenos situar o acto no reinado de Alfonso VII o Emperador.

Coñecidos estes datos e guiados pola data 1156, continuamos a nosa investigación acudindo novamente á “Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela” de LOPEZ FERREIRO na que atopamos o seguinte parágrafo:

“En este año de 1156, D. Alfonso VII, en un diploma en que se intitula, á la manera de los antiguos Emperadores romanos, pius, felix, inclitus, triumphator ac sempre invictus, totius Hyspanie divine clementia famosissimus imperator, sin duda, para premiar los servicios del caballero Sancho Yáñez, le acotó la villa de Pedroso con los casales y popsesiones a ella anejos, y además, con sonsentimiento del Arzobispo y del Cabildo de Santiago, le eximio del pago del quinto, á que estaban sujetas todas las tierras de las cercanías de Padrón.” (López Ferreiro, 1902: 264).

Este texto veu confirmar a validez da nosa datación e aclarar a finalidade do marco que estudiamos como elemento delimitador dun couto concedido polo rei Alfonso VII o Emperador a un cabaleiro, Sancho Yáñez².

A lectura directa e completa do folio 222 do Tumbo B no Arquivo da Catedral de Santiago, onde se atopa o texto, permitiunos coñecer outros datos de interese sobre o marco que estudiamos e o acoutamento co que se relaciona. (Figs. 3, 4 e 5)

Un primeiro aspecto é o dos títulos que o rei exhibe no documento como mostra do seu poder. O texto cualifica a Afonso VII como glorioso, pío, feliz e sempre invicto de Galicia, León, Castela, Nágera, Zaragoza, Toledo, Almería, Baeza e Andujar. A exhibición de poder continúa coa mención ós “vasalos do emperador o conde de Barcelona, o rei de Murcia, o rei de Navarra e outros moitos vasalos seus dos que non se escriben aquí os nomes”. É dicir: o emperador Afonso non so fai alarde das súas posesións de Galicia, León, Castela, etc. senón que menciona como vasalos ó conde de Barcelona e ós reis de Murcia e Navarra para rematar indicando que, aínda que non figuren, podería citar a moitos vasalos máis.

Outro aspecto interesante do documento é a relación de testemuñas que confirman o acto de acoutamento. Entre eles atopamos a varios nobres como os condes Lupo e Manrique, así como ó arcebispo de Toledo e ós bispos de Segovia, Ourense, Astorga e Lugo. Aparecen de seguido as sinaturas dos fillos do Emperador, Sancho e Fernando, situados ós lados do “Signum imperatoris” correspondente a Alfonso VII.

Neste “folio 222 verso” inclúese logo un texto de confirmación da doazón. Este novo documento está asinado tamén por importantes persoeiros da nobreza, como os condes Ramiro, Pedro, Ruderico, Gundisalvo entre máis, e da Igrexa, como os cardeais Pedro e Bernardo e o arcebispo Martiño, de Compostela, e Pedro, bispo de Mondoñedo.

A grande cantidade de testemuñas e a alta categoría dos mesmos permiten deducir que ó acto que se documenta concédeselle unha extraordinaria importancia. O mesmo pode deducirse da utilización polo rei Alfonso VII da fórmula –“*pius, felix, inclitus, triunfator hac ac sempre invictus, totus Hyspanie, divina clemencia, famulosissimus imperator*” – un xeito de titularse, á maneira dos emperadores da Roma clásica, moito máis solemne da que adoitaba utilizar neste tipo de documentos.

2 Sancho Yáñez é a adaptación proposta por López Ferreiro do nome Sancio Iohanni que figura no documento e que podería ser traducido como “Sancho, fillo de Xoán”.

Desde o primeiro intre coidamos que era importante a localización dos diversos topónimos citados no texto e a súa identificación sobre o mapa actual da comarca. Logo de numerosas pescudas bibliográficas e dun intenso traballo de campo, chegamos á localización dos seguintes topónimos:

Pedroso: Podémolo identificar co lugar chamado actualmente Pedroso do Norte, aldea da parroquia de Santa María de Cruces, concello de Padrón. Pedroso está situado no centro dun fermoso val con boas terras de labor.

Pelaciis: Pode referirse a Pazos, lugar situado na parte baixa do val, por onde hoxe pasa a estrada N-550, preto do santuario da Escravitude.

Lampani: Refírese a Lampai, parroquia situada sobre a cabeceira do val de Pedroso, pero pertencente xa ó concello de Teo. A expresión “*per portum de Lampani*” pode facer referencia a un porto ou paso entre montes existente nas proximidades de Lampai.

Cheiruga: Aldea chamada actualmente Queiruga. Situada na parte baixa do val, no camiño que une a igrexa parroquial de Santa María de Cruces e o santuario da Escravitude co lugar de Pedroso.

Pasturiça: Pastoriza. Zona montañosa situada ó sur do punto no que se atopa o marco I. A expresión “*Pasturiça versus Mirandam*” fai referencia á situación do monte de Pastoriza cara os montes de Miranda, localizados sobre Iria e Padrón.

No texto aparece a expresión “...*per Portum de Lampani et lumbas...*”, que lemos como “polo Porto de Lampai e as lombas”. Segundo as informacións facilitadas por varios veciños, existe na zona de Lampai un lugar coñecido como Os Lombos ou As Lombas, o que nos leva a pensar que Lumbas, malia aparecer escrito con letra inicial minúscula, podería tamén ser un topónimo.

Logo da localización dos equivalentes actuais destes topónimos sobre o mapa, intentamos atopar neses lugares outros marcos ou pedras gravadas que serviran de sinalización para acoutar o territorio. O resultado destas pescudas foi o achado de dous novos marcos.

MARCO II

Localización e acceso:

O marco está situado nas proximidades da aldea de Queiruga, na parroquia de Santa María de Cruces, concello de Padrón.

Pódese acceder ó marco partindo da estrada N-550 preto do Santuario da Escravitude, onde collemos a estrada que conduce a Pedroso. Logo da aldea de Queiruga pasamos baixo a Autopista A-9 e continuamos uns 300 metros máis. Neste punto temos á nosa esquerda unha canteira abandonada e sobre ela podemos ver o segundo marco.

A localización exacta é a seguinte:

Coordenadas: 42° 39' 55" N
09° 01' 23" O

Altitude: 105 m.

Descrición:

Os gravados aparecen sobre tres das catro caras dun monolito granítico. Descoñecemos as dimensións exactas da pedra xa que unha parte da mesma está enterrada pero a parte que sobresa da terra ten unha altura de 210 centímetros. A anchura das caras é variable segundo a zona pero está entre os 40 e os 50 centímetros.

A cara orientada ó sur non presenta gravados identificables. Na súa parte inferior poden apreciarse varias concavidades hemisféricas posiblemente artificiais. Na cara leste atopamos seis pequenas coviñas. Na parte superior da cara oeste pode apreciarse unha cruz latina con tres brazos rematados en T mentres o trazo vertical aparece cortado por un arco e recruzado por trazo horizontal. As dimensións da cruz son 38 x 21 centímetros. Nos espazos delimitados polos brazos aparecen catro coviñas de pequeno tamaño.

Na cara norte atopamos unha inscrición medieval con texto en latín. Organízase o texto en cinco rexistros horizontais nos que é doado atopar, tal como acontecía no marco I, numerosas abreviaturas e signos triples de puntuación.

O estado de conservación da pedra é malo o que provoca certas dificultades para a lectura do texto. Dada a premura de tempo coa que redactamos o presente traballo non nos foi posible transcribir e ler integramente o texto gravado.

Estamos en condicións de sinalar unicamente a presenza da fórmula “*patronim statuit*” que tamén atopabamos pechando o texto do marco I. (Fig.6)




Fig.6: Marco II. Na cara iluminada apréciase o gran signo cruciforme.

MARCO III

Localización e acceso:

Coordenadas: 42° 39' 56" N
09° 01' 23" O

Altitude: 60 metros

O acceso ó Marco III pode realizarse desde o lugar de Porta dos Mariños, no quilómetro 79'300 da N-550. Alí collemos a estrada que conduce a Lampai e pasamos o campo de fútbol e dúas pistas forestais que saen á nosa esquerda. Cando levamos 300 metros desde o cruce deixamos a estrada e collemos un camiño á esquerda polo que camiñamos uns 200 metros. Neste punto ollamos o marco a uns 50 metros á dereita do camiño.

Descrición:

A inscrición aparece sobre unha gran pedra granítica en forma de prisma de base cadrada chantada verticalmente na terra. A altura da parte visible é de 120 centímetros. (Fig.7)

Na cara vertical orientada ó oeste, un rectángulo de 38-40 centímetros de ancho, aparece gravado un texto organizado en cinco rexistros delimitados por trazos horizontais

perfectamente visibles. O texto gravado é exactamente o mesmo existente no marco II. Presenta abreviaturas e triple puntuación para separar palabras. O texto, que non nos foi posible ler na súa totalidade, remata coa expresión “*patronim statuit*”. A cara superior do prisma, cunhas medidas de 38 x 42 centímetros, aparece inclinada e sobre a súa superficie poden apreciarse numerosas coviñas de pequenas dimensións e outros trazos imposibles de identificar.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS SOBRE OS MARCOS ATOPADOS

Malia a falla doutros marcos ou fitos que sinalicen o territorio obxecto de doazón, a mención dos topónimos que comentamos máis arriba e a presenza dos tres marcos localizados permítenos establecer a seguinte delimitación hipotética para o couto:

Norte: montes de As Penises e Figueira Labrada

Sur: montes de Pastoriza

Leste: lugar de Lampai

Oeste: lugares de Queiruga e Pazos




Fig.7: Marco III. Fotografía na que se pode ver a cara oeste, a única que contén gravados.

Desde o inicio das pescudas chamounos a atención a existencia nas proximidades do lugar do achado do marco I dunha aldea chamada Mosteiro na que se atopa a igrexa parroquial de Lampai, o que nos levou a pensar na posible existencia dun antigo mosteiro hoxe desaparecido. De confirmarse esa suposición, a investigación podería completarse con pescudas nos documentos relativos ó devandito mosteiro, pero esta liña de investigación non nos proporcionou ningún dato relevante.

Durante a nosa investigación coñecemos a existencia dun documento referido a Lampai que podería ter interese por referirse a unha zona moi próxima á que estudiamos. Segundo o investigador Clodio González, no Arquivo da Catedral de Santiago consérvase o testamento dun sobriño de Xelmírez, finado no ano 1151 (González Pérez, 1990: 66). Diego Muñiz, que ese era o seu nome, deixa ó mosteiro de Antealtares as herdades de Beitureira, en Lampai, e Ferreiros de Valeirón, en San Miguel da Costa. Quizais o topónimo “Mosteiro” na zona de Lampai poida ter algunha relación coa presenza nestas terras de certas propiedades do mosteiro de Antealtares.

Consideramos tamén moi interesante o estudio das posibles relacións entre as localizacións dos marcos e as delimitacións civís ou relixiosas actuais. Neste senso cómpre salientar a localización do Marco I no lugar onde conflúen hoxe catro parroquias (Santa María de Cruces, Santa María de Lampai, Santa María de Iria e San Pedro de Carcacía) e dous arciprestados (Xiro da Rocha e Iria Flavia) (Sánchez Canals, 1999), un punto sen dúbida de especial significación no esquema territorial da zona na Idade Media.

Este feito lévanos a reflexionar sobre a pervivencia e reutilización de límites ó longo do tempo. O marco I atópase na confluencia de varios regatos e un vello camiño, un lugar que podería ter sido utilizado na antigüidade como límite polas súas condicións naturais. Posteriormente, no século XII, sería escollido para marcar a doazón efectuada polo rei Afonso VII atendendo a aquelas mesmas consideracións. Na actualidade coincide exactamente co lugar onde conflúen os concellos de Padrón e Teo.

Estamos pois ante un caso claro de pervivencia dos límites territoriais a través de séculos e coidamos que foi precisamente a pervivencia dos marcos como sinais reutilizadas, útiles, vixentes, o que permitiu a súa conservación in situ.

Consideramos tamén importante sinalar que, mentres o estado de conservación do marco III é bo e o do marco I é aceptable, o do marco II é preocupante. Este monolito, máis alto que os marcos I e III, presenta unha gran fenda vertical que afecta a zona do texto e que podería provoca-lo desprendemento dunha parte do bloque pétreo. Cómpre indicar tamén que este marco II está situado a poucos centímetros do borde superior dunha canteira hoxe inactiva, situación que consideramos de máximo risco. Pensamos que por parte dos organismos responsables debería realizarse as necesarias accións de consolidación a fin de garantir a súa conservación.

Resulta excepcional o achado de “marcos” ou sinalizacións territoriais desta antigüidade situadas na localización orixinal e conservadas na súa integridade xa que o paso do tempo propiciou a destrución masiva destes elementos. Máis difícil aínda é documentalos de xeito preciso. Por estes motivos e malia descoñecer aínda algúns aspectos relacionados coas inscricións, como a extensión e delimitación exactas do couto obxecto de doazón, podemos afirmar que estamos ante uns elementos epigráficos de enorme interese.

O estudio do documento conservado no Arquivo da Catedral e a análise sobre o mapa da distribución dos marcos atopados permítenos supoñer que podería existir algún marco máis, posiblemente cara a zona de Pastoriza, pero a difícil orografía da zona e a mesta vexetación existente na mesma dificultan a súa localización.

Consideramos da máxima urxencia a comunicación ás autoridades e a difusión entre os especialistas destes achados. É esa urxencia a que nos obriga a rematar este traballo deixando algúns aspectos sen pechar (transcrición completa, outros posibles marcos, estudio histórico) porque un estudio máis completo demoraría en moitos meses a súa publicación. Agardamos que nun futuro próximo poida rematarse a investigación en todos eses aspectos que hoxe deixamos conscientemente inconclusos.

Apéndice I

TRANSCRIPCIÓN DO DOCUMENTO

Archivo da Catedral de Santiago de Compostela
Tumbo B. Folio 222.

In nomine Sancte et Individue Trinitatis que a fidelibus in una editate colitur et adoratur. Quoniam fere in omni contractu et máxime in donationibus que es mera liberalitate principum, regum et potius imperatorum procedunt bona fides exhigitur, quoniam etiam idoneum est et rationi congruum ut ei que a regibus sive ad imperatoribus donantur instrumentis autenticis firmetur ac roborentur, nec res ipsa gesta vetustate te(m)porum oblivioni tradatur. Eapropter ego Aldefonsus, pius, felix, inclitus, triumphator hac ac semper invictus, totus Hyspanie, divina clemencia, famulosissimus imperator, una cum uxore mea imperatrice domina Richa et cum filiis meis Sancio et Fernando regibus, simul etiam cum filiabus meis scilicet Constancia inclita Francorum regina et cum Sancia nobili navarre regina, facio tibi Sancio Iohannis et uxori tue Maiori Guilielmi et filiis et filiabus vestris nec non succesioni et voci tue, mea spontanea voluntate cautum firmissimum de villa de Pedroso, cum casale nomine Soutulo, et cum aliis casalibus et omnibus aiuncionibus ad ipsam pertinentibus, per Portum de Lampani et lumbas per quas dividitur Cheiruga et ad Pelaciis et per extremos terminos de Pasturiça versus Mirandam, et per alios suos terminos antiquos, a qua villa removeo cuntum regium forum, et omne forum, videlicet coniuntam cum placito archiepiscopi ecclesie beati Iacobi domini Martini et assensu eiusdem ecclesie canonicorum, et hoc factum meum firmum et incocussum. Si quis infringere temptaverit sit in primis excomunicatus et cum Datam et Abiron³, quos terra vivos obsorbuit, condempnatus persolvat etiam tibi vel vocem tuam pulsanti sex mille solidos, existente cautum semper in robore suo. Est autem facta carta ista in Atenza, quarto nonas kalendarum novembrium, era I C L X X X IIII. Imperante eodem Adefonso glorioso, pio, felici, hac semper invicto Gallecie, Legionis, Castelle, Nagera, Cesarauguste, Toletis, Almarie, Baecie, Anduger. Vassali imperatoris comes Barchilonensis, rex Murcie, rex Navarie et alii multi vasalli eiusdem potentissimi quorum nomina non scribuntur hic. Ego Adefonsus Hyspanie imperator, una cum filiis et filiabus meis, hanc cartam quam fieri iussi propria manu mea roboro atque confirmo.

Rex Sancius, confirmat. Comes Almanricus, tenens Baecie, confirmat. Comes Almanricus, tenens Baecie, confirmat. Comes Lupus, confirmat. Comes Uella, confirmat. Celebrunus segontinus episcopus confirmat, Iohannes legionensis, confirmat. Gundisalvus de Maranon, tenens alfaracian imperatoris, confirmat. Goter Petris et Goter Fernandiz, confirmat. Pontius de Minerba, confirmat. Fernandus Captivus, confirmat. Guncalvus Ruderiquiz, confirmat. Giomet Guncalviz, confirmat. Iohannes toletanus archiepiscopus, confirmat. Vicentius segoviensis episcopus, confirmat. Martinus auriensis episcopus, confirmat. Petrus asturicensis episcopus, confirmat. Iohannes lucensis episcopus, confirmat.

(Signum regis Sancii) (Signum imperatoris) (Signum regis Fernandi)

Ego magister Petrus domini imperatoris cancellarius, confirmo. Rex Fernandus, confirmat. Comes Poncius, maiordumus imperatoris, confirmat. Comes Ramirus et Comes Petrus, confirmant. Comes Rudericus, confirmat. Comes Gundisalvus, confirmat. Uela Goterriz, confirmat. Alvarus Ruderiquiz, confirmat. Menendo Braganca, confirmat. Pelagius Curvus, confirmat. Petrus, mindoniensis episcopus, confirmat.

3 Salmo 105:16 et inritaverunt Mosen in castris Aaron sanctum Domini
105:17 aperta est terra et degluttivit Dathan et operuit super congregationem Abiron

Rinatus, scriptor domini imperatoris, per manus Petri Gundisalvi, cancellarii domini imperatoris, propria manu mea scripsi.

Ego Petrus, cardinalis ecclesie beati Iacobi, decanus, confirmat. (*signum*)

Bernardus, compostellane ecclesie cardenalis, confirmat. (*signum*)

Ego Petrus, iudex, confirmo (*signum*)

Pelagius Canus, Dei Gratie ecclesie beati Iacobi cantor, confirmat.

Martinus, Dei gratia Ecclesie beati Iacobi archiepiscopus hoc scriptum confirmat, hoc tamen servato, quod Sancius Iohannis vel vox sua reddat annuatim canonice beati Iacobi fertonem unum argenti in dominica die Sancte Trinitatis, dum vixerit, et post eius obitum quicumque in eadem hereditatem succederint annuatim reddant eidem ecclesie ipsum fertonem dum mundus existerit.

Apéndice II

TRADUCCIÓN DO DOCUMENTO

En nome da Santa e Individua Trindade que os fieis veneran e adoran nunha soa dignidade.

Porque en case todo contrato e maiormente nas doazóns que proceden da liberalidade dos príncipes, reis e sobre todo emperadores a “bona fide”⁴ debe ser esixida, e porque tamén é axeitado e razón en contrario (non é axeitada) que as cousas que os reis e os emperadores doan se confirmen e consoliden con documentos auténticos e que o paso do tempo non relegue os feitos ó esquecemento. Por eso eu Afonso, pío, feliz, ínclito, triunfador aquí e sempre invicto de toda Hispania, pola divina clemencia *famulosissimus*⁵ emperador, de consuno coa miña esposa a emperatriz dona Rica e cos meus fillos os reis Sancho e Fernando, e tamén coas miñas fillas Constanza, ínclita raíña dos Francos, e Sancha, nobre raíña de Navarra, fágoche a ti, Sancho Yáñez e á túa esposa Maior Guillermez e ós vosos fillos e fillas e á túa sucesión e voz, pola miña espontánea vontade o acoutamento firmísimo da villa de Pedroso, co casal chamado Soutullo, e con outros casais e tódolos anexos que lle pertenzan, polo Porto de Lampai e as lombas polas que se divide de Queiruga e cara a Pazos, e polos últimos termos de Pastoriza cara a Miranda, e polos outros seus termos antigos, da cal vila retiro o foro do couto rexio e todo foro, co prace do arcebispo da igrexa do beato Xacobe, don Martiño, e co asentimento dos cóengos da dita igrexa, e este feito meu (sexa) firme e inconcuso. Se alguén tentara quebrantalo, será, de entrada, excomungado e condenado con Dathan e Abiron, ós que a terra tragou⁶, que che pague a ti e a quen leve a túa voz seis mil soldos e que exista sempre o couto na súa propiedade.

Fíxose pois esta carta en Atienza, o día cuarto das kalendas de novembro (29 de outubro) da era milésima centésima nonagésima cuarta, imperando o devandito Afonso glorioso, pío, feliz e sempre invicto de Galicia, León, Castela, Nágera, Zaragoza, Toledo, Almería, Baeza, Andújar. Vasalos do emperador, o conde de Barcelona, o rei de Murcia, o rei de Navarra e outros moitos vasalos poderosísimos, dos que non se escriben aquí os nomes. Eu Afonso emperador de Hispania, de acordo cos meus fillos e fillas, firmo e confirmo coa miña man este documento que mandei facer.

O rei Sancho confirma, o conde Manricus tenente de Baeza confirma, o conde Lopo confirma, o conde Vela confirma. Celebruno, o bispo segontino confirma, Juan bispo de León confirma,

4 Os contratos entre dúas partes fundaméntanse na “bona fides”, no cumprimento polas partes de tódalas cláusulas contidas no documento.

5 A traducción do termo “*famulosissimus*” no contexto no que se atopa presenta certas dúbidas polo que optamos por non traducilo xa que esta omisión non altera o sentido xeral do texto.

6 Salmos: 105:16 E no campamento de Moisés tiveron celos de Aaron, o Santo de Yahvéh
105:17 Ábrese a terra, traga a Datán, cubre á cuadrilla de Abirón.

Gonzalo de Marañoñ tenente de alfêrez do emperador confirma, Gutierre Pérez e Gutierre Fernández confirman, Poncio de Minerba confirma, Fernando Cautivo confirma, Gonzalo Rodríguez confirma, Gomez González confirma, Juan, arcebispo de Toledo confirma, Vicenzo, bispo de Segovia confirma, Martiño, bispo de Ourense confirma, Pedro, bispo de Astorga confirma, Xoán, bispo de Lugo confirma.

[Selo do rei Sancho]

[Selo do emperador]

[Selo do rei Fernando]

Eu, mestre Pedro, chancelheiro do señor emperador, confirmo. O Rei Fernando confirma. O Conde Poncio, mordomo do emperador, confirma. O conde Ramiro e mailo conde Pedro confirman. O conde Rodrigo confirma. O conde Gundisalvo confirma. Vela Gutiérrez confirma. Álvaro Rodríguez confirma. Menendo Braganza confirma. Paio Curvo confirma. Pedro, bispo de Mondoñedo, confirma.

Renato, escribán do señor emperador, por orde de Pedro Gundisalvo, chancelheiro do señor emperador, escribín pola miña propia man.

Eu Pedro, cardeal da igrexa do beato Xacobe, deán, confirmo. (selo)

Bernardo, cardeal da igrexa compostelana, confirma. (selo)

Eu, Pedro, xuíz, confirmo.

Paio Cano, pola gracia de Deus chantre da igrexa do beato Xacobe, confirma.

Martiño, pola gracia de deus arcebispo da Igrexa do beato Xacobe, confirma este escrito, con esta coutela, que Sancho Yáñez ou a súa voz entregue anualmente ós cóngos do beato Xacobe un fertón de prata no domingo da Santa Trindade, mentres viva, e que, despois da súa morte, quen o suceder nesta herdanza entregue anualmente, mentres o mundo exista, á mesma Igrexa o mesmo fertón.

BIBLIOGRAFÍA

- FAVREAU, R., 1997, *Épigraphie medievale*. Brepols.
- GÓNZALEZ PÉREZ, C., 1990, *O concello de Rois: historia, economía e arte*. Noia: Imp. Gráficas Sementeira.
- LÓPEZ FERREIRO, A., (1889), *Lecciones de arqueología sagrada*. Santiago: Tip. Seminario.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1902, *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Tomo IV. Santiago: Imp. y Enc. Seminario Conciliar Central.
- SÁNCHEZ CANALS, B. (Dir.), 1999, *Mapa eclesiástico da Diócese compostelana*. Santiago: Arcebispado (Mapa e CD-Rom)
- SARMIENTO, M., 2001, *Viaxe a Galicia (1745)*. Noia: Toxosoutos.

O noso agradecemento especial a **Andrés Pena Graña**, a quen debemos a lectura dos epígrafes dos marcos, así como a axuda na transcripción e tradución do documento. Facemos tamén extensivo o agradecemento a **Luis Monteagudo García** polas súas suxerencias e a **X.F.** Gracias, así mesmo, a **don José M^o Díaz Fernández**, Cónego Arqueiro da S.A.M.I. Catedral de Santiago, polas facilidades dadas para a consulta e reprodución fotográfica do documento do Tumbo B.



Fig. 8: Estudiando o Marco I con un grupo de amigos: Andrés Pena e Jorge Guitián en primeiro termo e Luis Monteagudo e Alfredo Erias detrás.